

Pradolongo

Una película de **Ignacio Vilar**

Martiño Rubén Riós

Raquel Tamara Canosa

Armando Roberto Porto

www.pradolongo.net

Música: **Zeltia Montes**

Ano: **2009**

Distribuidora: **Vía Láctea**

Duración: **35:00**



Pradolongo é a historia de tres amigos da infancia que ven deteriorar a súa amizade a medida que os intereses de clase e os sentimentos amorosos entran nas súas vidas. Raquel, Martiño e Armando son tres amigos que acaban de cumprir a súa maioría de idade. O verán preséntase como todos os demais, con festas, tardes no río..., pero esta vez nada vai ser igual. O amor que os dous raparigos comezan a sentir por Raquel e a posible venda, á louseira do pai de Armando, de Pradolongo, un prado de alta montaña pertencente á familia de Martiño, obrígaos a reconsiderar os soños e os vínculos que os mantiveron unidos desde a infancia.

Responde

Quen interpreta mellor o seu papel? En que te baseas?

Subliña os conceptos que pensen que trata o filme.

drama, comedi, amizade, primeiro amor, idade adulta

O impacto ambiental das explotacións louseiras no Courel, é grande. Fai unha definición para este concepto.

Cita lugares preto de ti onde se da un elevado impacto ambiental.

Que se entende por recurso? Pensas que a amizade e a paisaxe son recursos?

En que consiste a gandería ecolóxica?

Indica as diferenzas entre as explotacións louxeiras baixo terra e as explotacións a ceo aberto.

Cita os lugares e edificios da película que a tí che pareceron máis interesantes.

Como describirías aos seguintes personaxes?

Pai de Martiño

Pai de Armando



Por que se confrontan Martiño e o seu irmán Toni?

Que papel teñen as mulleres nas tres familias?

Si tiveses que escoller a dous personaxes, con quen te quedarías? Por qué?

Valida (V) as emocións e sentimentos que a película provoca en ti:

<i>Alegría</i>	<i>Ira</i>	<i>Dispendio</i>
<i>Ilusión</i>	<i>Asco</i>	<i>Tristeza</i>
<i>Sorpresa</i>	<i>Amor</i>	<i>Vinganza</i>
<i>Felicidade</i>	<i>Loita</i>	<i>Sexo</i>
<i>Nerviosismo</i>	<i>Rabia</i>	<i>Orgullo</i>
<i>Enfado</i>	<i>Esfuerzo</i>	<i>Copañeirismo</i>

Que che pareceu o final? Cambiaríalo? Por que?

Imaxinas unha viaxe tranquila dos tres amigos a Italia. É difícil a amizade entre homes e mulleres.

Relaciona as casas dos tres personaxes coa relación da humanidade co medio e define o que se entende por eses conceptos.

Casa de Martiño	<i>desenvolvemento sustentado</i>
Casa de Raquel	<i>explotación sen concesións</i>
Casa de Armando	<i>conservacionismo extremo</i>

Trata de definir os conceptos anteriores:



Por que o director quere que aparezan as rapazas brasileiras Esmeralda e Carolina?

Describe o carácter de cada personaxe:

Martiño

Armando

Raquel



Indica as relacións que se dan entre Armando, Martiño, Raquel e Loli tendo en conta os conceptos de amizade, interese, afecto, amor, sexo.

Por que pensas que se elixiu esta película para proxectar na clase?

